

NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA celebrarase na cidade de Pontevedra, Galicia (España) do **15 ao 20 de decembro do 2020**, e ten como finalidade principal detectar e difundir o talento cinematográfico de cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral.

PRESENTACIÓN

NOVOS CINEMAS#LAB ten como obxectivo xerar unha área de asesoramento e orientación que favoreza o desenvolvemento dos proxectos dos realizadores e realizadoras noveis.

O **#LAB** promoverá o encontro entre cineastas e axentes cualificados e especialmente sensibles a proxectos cinematográficos de natureza independente. A finalidade desta interacción é que as obras poidan adaptarse, co maior grao de operatividade e funcionalidade posible, a uns mercados en constante mutación. Os proxectos suporán a **primeira ou segunda obra de longametraxe** dos seus autores e autoras e deberán atoparse en fase de desenvolvemento (escritura, procura de apoios, pre-produción, etc).

Logo dun proceso de selección previo levado a cabo polo equipo de Novos Cinemas, o **#LAB** terá lugar durante a celebración do *Festival Internacional de Cinema de Pontevedra*, entre o **16 e o 19 de decembro de 2020**. Esta segunda fase consistirá na análise, estudo e asesoramento pormenorizado dos proxectos seleccionados para que poidan materializarse do mellor xeito posible, acadando así os maiores réditos artísticos e económicos. Esta tarefa será desenvolvida por profesionais especializados de contrastada experiencia.

NOVOS CINEMAS#LAB será un espazo de formación e ensaio para cineastas que se atopan nos inicios da súa carreira profesional. Os realizadores/as e/ou produtores/as participantes poderán adquirir as competencias e habilidades necesarias para poder defender, co maior grao de operatividade, funcionalidade e rendibilidade posible, os seus proxectos nunha futura situación de natureza profesional.

Co gallo de fomentar e estimular a produción cinematográfica galega, cando menos unha das catro prazas do **NOVOS CINEMAS#LAB O5** destinarase ao proxecto cinematográfico dun ou dunha cineasta da nosa comunidade autónoma: Galicia.

O período de admisión de proxectos extenderase do **23 xullo ao 15 setembro de 2020**.

INSCRIPCIÓN

- A convocatoria está aberta a proxectos de carácter rexional, nacional e internacional con independencia da área xeográfica á que pertencen.
- Convocaranse catro (4) prazas para catro (4) proxectos. Cando menos, unha das prazas destinarase a proxectos da comunidade autónoma galega.
- Os proxectos deberán atoparse na fase inicial da produción: escritura, desenvolvemento, pre-produción.
- A documentación poderá presentarse nos seguintes idiomas: español, galego e inglés.
- A inscrición farase a través do cumprimento da Ficha de Inscrición aloxada na web do festival. <http://www.novoscineamas.com/gl/ficha-inscripcion-lab-2020/>
- Adxuntarase un *dossier* ca información pertinente sobre o desenvolvemento e intencións do proxecto.
- No caso de incorporar material audiovisual, este achegarase mediante enlaces privados de visionado (Vimeo e similares).
- A data límite de presentación da documentación é o día **15 de setembro do 2020**.
- O equipo de Novos Cineamas notificará vía mail aos autores dos proxectos seleccionados da súa inclusión no programa **NOVOS CINEMAS#LAB O5**. Os autores e/ou produtores deberán confirmar a súa asistencia durante a semana seguinte á confirmación.

NOVOS CINEMAS#LAB

- O #LAB desenvolverase entre os días **16 e 19 de decembro de 2020**.
- Os proxectos seleccionados serán estudados, analizados e asesorados detalladamente por catro profesionais de recoñecido prestixio internacional.
- A organización farase cargo dos gastos de estancia e manutención dos realizadores/as seleccionados, así como dunha porcentaxe –por determinar, segundo traxecto e tarifas– do importe das viaxes.
- No caso de que algún dos proxectos participantes no #LAB se materialice, quen teña a titularidade dos dereitos comprométese a incluír nos títulos de crédito de presentación do filme o **a imaxe do NOVOS CINEMAS#LAB** que será proporcionada polo equipo de Novos Cineamas.

Para calquera outra información, comunicarse no mail:info@novoscineamas.com